

DiariodeFerrol.com

Rey Varela di que a Concepción Arenal gustaríalle a política social do Concello

Redacción Ferrol - Actualizado 05 Febrero 2013 - 02:00 h.



imaxe da ofrenda floral no monumento a concepción arenal j.m.

“Unha muller como Concepción Arenal, que sempre se postulou a favor de axudar ós colectivos con maiores dificultades e da igualdade de oportunidades, estaría satisfeita de comprobar a importancia que teñen as políticas sociais e de benestar no que é o seu Concello”.

“Unha muller como Concepción Arenal, que sempre se postulou a favor de axudar ós colectivos con maiores dificultades e da igualdade de oportunidades, estaría satisfeita de comprobar a importancia que teñen as políticas sociais e de benestar no que é o seu Concello”. Así falou José Manuel Rey Varela, alcalde de Ferrol, na ofrenda floral na estatua de Concepción Arenal, coa que onte á mañá se conmemorou o 120 aniversario da morte desta insigne xurista.

Foi un acto no que participaron representantes dos grupos municipais, así como a Asociación Veciñal de Esteiro

(barrio onde está ubicado o monumento) e o Toxos e Froles, que tradicionalmente impulsa esta homenaxe.

Concepción Arenal, interpretada recentemente nunha película para televisión por Blanca Portillo, foi unha muller que viviu no século XIX e loitou por cambiar o lugar do seu sexo na sociedade (estudou Dereito, segundo se conta, vestindo como un home). A súa aportación ó sistema penitenciario español é fundamental, introducindo conceptos como a reinserción e modificando a condición de vida nas cadeas.

En Ferrol, ademais da estatua na avenida de Esteiro, hai un instituto que leva o seu nome, así como un dos premios de investigación que outorgan o Concello de Ferrol e a Universidade da Coruña. O seu recordo “segue hoxe moi vivo, vencellado á formación, á investigación e á educación, uns ámbitos que marcaron a súa vida”, apuntou no acto Rey Varela.

Puede ver esta noticia en www.diariodeferrol.com: <http://www.diariodeferrol.com/articulo/ferrol/rev-varela-di-que-a-concepcion-arenal-gustaríalle-a-politica-social-do-concello/20130204232657031660.html>

© 2005-2011 Diario digital Diario de Ferrol

Queda prohibida la reproducción total o parcial. Todos los derechos reservados.